



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

OFICINA
ECONÓMICA
DE GALICIA

ESTÁ A TÚA EMPRESA LISTA PARA O REGULAMENTO VERI*FACTU?

OFICINA ECONÓMICA DE GALICIA

Unha xanela única de atención centralizada

#DESBUROCRATIZAR



Contexto actual

- 🔊 Lei Antifraude
 - 2015 -> *Ley 39/2015, de 1 de octubre*
 - 2017 -> *SII* (Suministro Inmediato de Información)*
 - 🔊 [Ley 11/2021](#), de 9 de julio, de medidas de prevención y lucha contra el fraude fiscal, de transposición de la Directiva (UE) 2016/1164, del Consejo, de 12 de julio de 2016, por la que se establecen normas contra las prácticas de elusión fiscal que inciden directamente en el funcionamiento del mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias y en materia de regulación del juego.
- 🔊 Lei Crea e crece
 - 🔊 [Ley 18/2022](#), de 28 de septiembre, de creación y crecimiento de empresas.
- 🔊 Reglamento requisitos sistemas/programas informát. procesos de facturación
 - 🔊 [Real Decreto 1007/2023](#), de 5 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento que establece los requisitos que deben adoptar los sistemas y programas informáticos o electrónicos que soporten los procesos de facturación de empresarios y profesionales, y la estandarización de formatos de los registros de facturación.
- 🔊 Otra normativa
 - 🔊 [Orden HAC/1177/2024](#), de 17 de octubre, por la que se desarrollan las especificaciones técnicas, funcionales y de contenido referidas en el Reglamento....
 - 🔊 [Real Decreto 254/2025](#), de 1 de abril, por el que se modifica el Real Decreto 1007/2023, de 5 de diciembre



Contexto actual

Lei Antifraude

-  [Ley 11/2021](#), de 9 de julio, de medidas de prevención y lucha contra el fraude fiscal, de transposición de la Directiva (UE) 2016/1164, del Consejo, de 12 de julio de 2016. *Modificación do artigo 29.2.j da Lei Xeral Tributaria.*

O concepto **Veri*Factu** xurde a raíz desta Lei, e o seu obxectivo é que as facturas emitidas sexan moi difíciles de manipular, tratando de reducir con iso o fraude fiscal

Lei Crea e crece

-  [Ley 18/2022](#), de 28 de septiembre, de creación y crecimiento de empresas.

Establece a obrigatoriedade da factura electrónica entre empresas e autónomos (**B2B**) – Para todos/as

Reglamento VERI*FACTU: requisitos sistemas/programas informát. procesos de facturación

-  [Real Decreto 1007/2023](#), de 5 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento que establece los requisitos que deben adoptar los sistemas y programas informáticos o electrónicos que soporten los procesos de facturación de empresarios y profesionales, y la estandarización de formatos de los registros de facturación.

Os obrigados tributarios a que se refire o [artigo 3.1](#) de dito Regulamento deberán ter operativos os sistemas informáticos adaptados ás características e requisitos que se establecen no regulamento e na súa normativa de desenvolvemento



Que nos di a Lei 11/2021 e o RD 1007/2023

Que os Sistemas Informáticos de Facturación (SIF) deben cumprir unha serie de REQUISITOS (art. 8 RD 1007/2023)



Xeración dun rexistro
para cada unha das
factura emitidas,
rectificadas ou anuladas

Ter capacidade de remitir por
medios electrónicos á
Administración tributaria
tódolos rexistros de facturación
xerados



Garantía de integridade,
conservación, accesibilidade,
flexibilidade, trazabilidade e
inalterabilidade dos rexistros
de facturación

RD 1007/2023 Artigo 8 rexistro de eventos
"determinadas interaccións co devandito sistema informático,
operacións realizadas con el ou sucesos ocorridos durante o seu uso,
gardando os datos correspondentes a cada un deles, que deberán
poder ser consultados desde o propio sistema informático"



Rexistrar EVENTOS
Permite a trazabilidade de
OPERACIÓNS no sistema. Non se
pode modificar e debe
conservarse durante as
obligacións tributarias



POSIBILIDADE
(NON OBRIGACIÓN) de
enviar rexistros de
facturación
automaticamente á AEAT

Artigo 15. Posibilidade de
remisión dos rexistros de
facturación xerados á
Administración tributaria

Integridade, Conservación, Accesibilidade, Lexibilidade, Rastrexabilidade, Inalterabilidade



Entón, Que é VERI*FACTU?

- 🔊 Aínda que «VERI*FACTU» é só una das dúas modalidades por medio das que se pode cumprir coa normativa de sistemas de facturación, en xeral, o termo «VERI*FACTU» emprégase como expresión coloquial para referirse ao regulamento que establece os requisitos que deben adoptar os sistemas e programas informáticos ou electrónicos que soporten os procesos de facturación de empresarios e profesionais (SIF), e a estandarización de formatos dos rexistros de facturación, tamén abreviado como RRSIF.
- 🔊 De forma resumida, esta normativa obriga aos SIF “VERI*FACTU” a que, no momento de expedición da factura, xeren e garden ou remitan á Axencia Tributaria un resumo da factura chamado rexistro de facturación, que leva incorporado unha serie de medidas de seguridade e control, como son a pegada dixital dos seus datos, a inclusión de información do anterior rexistro xerado (o que permite verificar que non hai saltos ou omisións) e, no seu caso, a firma electrónica do emisor do mesmo. Así mesmo, obrigan aos SIF a que inclúan un código QR na factura expedida, cuxa lectura (por exemplo, coa cámara dun teléfono móbil) permite a quen reciba dita factura remitir facilmente certos datos da mesma á Axencia Tributaria, para o seu posible contraste cos datos remitidos ou comprobación posterior.

VERI*FACTU na práctica

HASH

É o resultado de aplicar unha función ou algoritmo de cálculo de pegada a unha determinada información (neste caso, a uns datos do rexistro). Trátase dun dato (habitualmente de moita menor lonxitude que a información sobre a que se calculou) coa propiedade de que é único para a información orixe.

Validación e código QR de Verifactu

Cando a factura é aceptada pola AEAT, o sistema xera un código QR que certifica a súa validez conforme aos estándares de Verifactu. Este código intégrase na factura, facilitando a súa verificación en calquera momento e garantindo a súa validez legal.

1.- Generación de un fichero informático, firmado electrónicamente y con huella (hash), por cada entrega de bienes o servicios

Archivo XML

Unha vez que creada a factura, xérase automaticamente o arquivo XML necesario para a AEAT, asegurando que cumpre co formato esixido por VERI*FACTU

2.- Simultánea remisión del fichero a la AEAT



Agencia Tributaria

Envío á AEAT


O arquivo XML envíase de forma automática, directa e segura á AEAT, mostrando calquera erro para que o corrixa e o reenvíe

3.- Simultánea impresión de tique o factura, con código QR y código alfanumérico

4.- El comprador podrá consultar si el tique o factura está en la Sede Electrónica de AEAT (lector QR)


No QR si factura o tique es electrónico

5.- La AEAT facilitará al comprador información sobre recepción del registro





Código QR e consulta de información



prewww2.aeat.es/wlpl/TIKE-CONT/ValidarQR?nif=B73684292&numserie=AJEMURCIA-STEL2024&fecha=03-12-2024&imp...

Agencia Tributaria
Sede electrónica (Preproducción)

Cambiar a Jakarta Trazas TEA TRIBUTOS 22/06/2025 20:03:18

ÁREA PERSONAL ES

① Aviso de entorno de pruebas
Esta factura ha sido contrastada en un entorno de PRUEBAS de la AEAT. No es una validación en entorno real.

Factura encontrada

En la Agencia Tributaria consta una factura con idénticas características a las remitidas:

NIF del expedidor: B36373839

Número de factura: FV2025/0001

Fecha de expedición: 24/06/2025

Importe: 1.210,00 €

El importe mostrado de la factura incluye el total de la contraprestación por los bienes o servicios facturados más, en su caso, el importe de los impuestos indirectos que la gravan, sin la consideración de otras cantidades, tales como gastos suplidos, retenciones a cuenta, recargos financieros, etc. que se consignen en la factura.

Gracias por utilizar los servicios electrónicos de la Agencia Tributaria.

RD 1007/2023. Artigo 17

2. Conforme ao previsto nos artigos 93 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá utilizar a información proporcionada polo receptor da factura, de acordo con o apartado anterior, para o exercicio das súas competencias para a aplicación dos tributos.



Como podemos cumprir coa lei e o regulamento?

- 👂 Segundo o artigo 7 do RD 1007/2023, en canto aos recursos informáticos necesarios para cumprir as obrigacións establecidas en dito Regulamento, temos 2 opcións:
 - 👂 Dispoñer dun sistema informático que cumpra os requisitos establecidos na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e o Regulamento.
 - 👂 Utilizar a aplicación informática que a tal efecto poida desenvolver a Administración tributaria.



Sistemas Informáticos de Facturación (SIF) VERI*FACTU

Algúns exemplos de custos e funcionalidades de SIFs:

Software	Integración Verifactu	Xeración de facturas	Control tesoureira	Integración con bancos	Aplicación móbil	Prezo dende
Programa 1	Si	Avanzado	Si	Si	Android, iOS	14€/mes
Programa 2	Si	Básico	No	No	Android, iOS	6,60€/mes
Programa 3	Si	Intermedio	No	Si	Android, iOS	0€/mes (con funcionalidades limitadas)
Programa 4	Si	Avanzado	Si	Si	Android, iOS	15€/mes
Programa 5	Si	Avanzado	Si	Si	Android, iOS	27€/mes
Programa 6	Si	Intermedio	No	No	No	19,50€/mes
Programa 7	Si	Avanzado	Si	Si	No	41,6€/mes



Diferenzas chave entre unha **factura simplificada** e unha **completa**

Características	Factura Simplificada (Ticket)	Factura Completa
Uso Principal	Ventas ao consumidor final (B2C), importes inferiores a 400€ (IVE incl.)	Operacións entre empresas/autónomos (B2B), exportacións, ou si o cliente a solicita
Datos do Cliente	Non son obrigatorios (salvo que o cliente queira deducir o gasto)	Obrigatorios (NIF, Razón Social, Domicilio)
Código QR	Obrigatorio na representación física ou dixital	Opcional
Firma Electrónica	Non requirida. A seguridade dá o rexistro e o hash	Obrigatoria para cumprir coa Lei Crea e Crece (B2B)
Desagregación do IVE	Basta con indicar o tipo impositivo aplicado (ex. "IVE 21% incl.")	Obrigatorio desagregar a Base Impoñible e a Taxa Tributaria por separado
Formato B2B	Non aplica	Debe ser un formato electrónico estruturado (ex. Facturae XML, UBL...)



¿E a Lei Crea e Crece e a facturación electrónica B2B obrigatoria?

- 🔊 A Lei 18/2022, Lei Crea e Crece, establece a obrigatoriedade da factura electrónica entre empresas e autónomos.
- 🔊 Cal é a situación actual?
 - 🔊 Actualmente, o Regulamento que desenvolverá a Lei Crea e Crece e establecerá os detalles técnicos e os prazos de implemementación para a facturación electrónica B2B atópase en fase de tramitación e non foi aprobado de forma definitiva.
 - 🔊 A obrigatoriedade da facturación electrónica B2B virá marcada entón pola publicación dunha Orde Ministerial.
 - 🔊 Prazos de adaptación (estes si os coñecemos) a partir da publicación da OM:
 - 🔊 Empresas con facturación anual superior a 8 millóns de euros: Contarán con 12 meses.
 - 🔊 Resto de empresas e autónomos (facturación igual ou inferior a 8 millóns de euros): Terán un prazo de 24 meses.
- 🔊 **NON CONFUNDIR** con VERI*FACTU

¿ENTÓN? non se prevé que a facturación electrónica B2B sexa obrigatoria antes de 2027



Diferencia entre FACTURA ELECTRÓNICA B2B e VERI*FACTU

- 🔊 "Factura electrónica" inclúe no seu ámbito obxectivo a **todos** os empresarios ou profesionais establecidos en territorio español, mentres que VERI*FACTU exclúe aos radicados nos territorios forais.
- 🔊 "Factura electrónica" afecta a operacións B2B interiores, mentres que VERI*FACTU refírese a todas as operacións, con algunhas excepcións.
- 🔊 "Factura electrónica" inclúe só facturas completas, e VERI*FACTU inclúe tanto completas como simplificadas.
- 🔊 VERI*FACTU impón requisitos técnicos aos sistemas informáticos de facturación, e a obrigatoriedade de conservar os rexistros ou de remitilos á Axencia Tributaria. "Factura electrónica" impón a emisión, transmisión e recepción electrónica das facturas entre empresarios, a interconexión entre as solucións de facturación, e a remisión, en todo caso, dunha copia fiel de todas as facturas á Solución Pública de Facturación.
- 🔊 VERI*FACTU é obrigatorio exclusivamente para os empresarios ou profesionais que utilizan un sistema informático de facturación, non afectando á forma de facturar daqueles que usan outros métodos de facturación, manuais ou en papel. En cambio, "Factura electrónica" obrigará ao uso de factura electrónica en todas as operacións B2B, obrigando por tanto a todos os empresarios ou profesionais con independencia do método de facturación que viñesen utilizando anteriormente.
- 🔊 Ademais de todo o anterior, "Factura electrónica" impón tamén obrigacións de información sobre os estados da factura relativos ao pago, para atender á súa finalidade de loitas contra a morosidade comercial. Os obxectivos de VERI*FACTU, en cambio, son exclusivamente tributarios.

Prazos para todos os implicados: Real Decreto 254/2025

- 🔊 Adaptación dos sistemas informáticos para facturar:
 - 🔊 **Empresas** obrigadas ao Imposto sobre Sociedades (IS):
Antes do **1 de xaneiro de 2026**.
 - 🔊 **Resto** de obrigados tributarios (autónomos, profesionais, entidades non suxeitas ao IS): ata o **1 de xullo de 2026**.
- 🔊 Produtores e distribuidores de software: Ata o 28 de xullo de 2025, para ofrecer versións adaptadas.
- 🔊 A Axencia Tributaria (AEAT): Terá operativo o seu servizo de recepción VERI*FACTU antes do 28 de Xullo de 2025.



ANO 2027: FACTURACIÓN ELECTRÓNICA B2B ESPAÑA
ANO 2030: FACTURACIÓN ELECTRÓNICA B2B TODA UE

Non confundir

- 🔊 A **Lei Crea e Crece** di «**QUE**» hai que facer: Todas as empresas deben intercambiar facturas electrónicas entre elas. Acabáronse os PDF enviados por e-mail como método estándar entre empresas (previsiblemente ano 2027).
- 🔊 **VERI*FACTU** di «**COMO**» debe ser o software co que se fan as facturas: O programa que uses para emitir facturas debe cumprir as regras de VERI*FACTU. É a garantía de seguridade que subxace en todo o sistema.
- 🔊 **Facturae** (e outros) di en «**QUE FORMATO**» se intercambian: O regulamento da Lei Crea e Crece (aínda en desenvolvemento final) especificará os formatos válidos para ese intercambio B2B. Espérase que Facturae sexa un deles, xunto a outros estándares europeos como UBL ou CII, para garantir a interoperabilidade, pero **aínda se está a desenvolver**.



Conclusión final

- 👉 Saca o máximo proveito aos novos programas de facturación e **gana en eficiencia** na túa xestión.
- 👉 A facturación electrónica non é só unha obriga legal, senón que debo tomala como unha **oportunidade** para optimizar a xestión do meu negocio.
- 👉 Coa chegada do regulamento Verifactu, a Lei Crea e Crece e a Lei Antifraude, é o momento de aproveitar ao máximo as **ferramentas dixitais** e converter a facturación nun proceso áxil, automatizado e eficiente.



<https://asesoramento-oficinaeconomica.igape.es>



<https://www.acelerapyme.gob.es/kit-digital>



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

OFICINA
ECONÓMICA
DE GALICIA

Calquera trámite transfórmase nun mero trámite: **#Desburocratizar**

www.oficinaeconomicagalicia.xunta.gal

 900 815 151

oficinaeconomicagalicia@xunta.gal